



DATOS IDENTIFICATIVOS

Traballo de Fin de Grao

Materia	Traballo de Fin de Grao			
Código	O05G120V01991			
Titulación	Grao en Educación Primaria			
Descritores	Creditos ECTS	Sinale	Curso	Cuadrimestre
	6	OB	4	2c
Lingua de impartición	Castelán Galego			
Departamento				
Coordinador/a				
Profesorado				
Correo-e				
Web	http://http://webs.uvigo.es/educacion-ou/web/?q=node/150			
Descrición xeral	O Traballo fin de Grao (TFG) é unha materia de carácter obrigatorio que poderá derivar das actividades desenvolvidas no Prácticum. Está orientado a que o alumnado demostre a capacidade de integración dos diversos contidos formativos e competencias asociadas ao título do Grao en Educación Primaria. Para poder cursar esta materia será requisito imprescindible ter matriculadas todas as materias requiridas para finalizar o plan de estudos.			

Competencias de titulación

Código	
A2	Deseñar, planificar e avaliar procesos de ensino e aprendizaxe, tanto individualmente como en colaboración con outros docentes e profesionais do centro.
A4	Deseñar e regular espazos de aprendizaxe en contextos de diversidade e que atendan á igualdade de xénero, á equidade e ao respecto aos dereitos humanos que conformen os valores da formación cidadá
A6	Coñecer a organización dos colexios de educación primaria e a diversidade de accións que comprende o seu funcionamento. Desempeñar as funcións de titoría e de orientación cos estudantes e as súas familias, atendendo as singulares necesidades educativas dos estudantes. Asumir que o exercicio da función docente ha de ir perfeccionándose e adaptándose aos cambios científicos, pedagóxicos e sociais ao longo da vida
A7	Colaborar cos distintos sectores da comunidade educativa e do contorno social. Asumir a dimensión educadora da función docente e fomentar a educación democrática para unha cidadanía activa
A8	Manter unha relación crítica e autónoma respecto dos saberes, os valores e as institucións sociais públicas e privadas
A9	Valorar a responsabilidade individual e colectiva na consecución dun futuro sustentable
A10	Reflexionar sobre as prácticas de aula para innovar e mellorar o labor docente. Adquirir hábitos e destrezas para a aprendizaxe autónoma e cooperativa e promovela entre os estudantes
A11	Coñecer e aplicar nas aulas as tecnoloxías da información e da comunicación. Discernir selectivamente a información audiovisual que contribúa ás aprendizaxes, á formación cívica e á riqueza cultural
B1	Capacidade de análise e síntese
B2	Capacidade de organización e planificación
B3	Comunicación oral e escrita
B5	Coñecemento de informática
B6	Capacidade de xestión da información
B7	Resolución de problemas
B8	Toma de decisións
B9	Traballo en equipo
B12	Recoñecemento da diversidade e multiculturalidade
B13	Razoamento crítico
B14	Compromiso ético
B15	Aprendizaxe autónoma
B16	Adaptación a novas situacións
B17	Creatividade
B19	Coñecemento doutras culturas e costumes

Competencias de materia		
Resultados previstos na materia	Resultados de Formación e Aprendizaxe	
Reflexionar sobre as prácticas de aula para innovar e mellorar o labor docente. Adquirir hábitos e destrezas para a aprendizaxe autónoma e cooperativa e promoverlo entre os estudantes. Coñecer e aplicar nas aulas as tecnoloxías da información e da comunicación. Discernir selectivamente a información audiovisual que contribúa ás aprendizaxes, á formación cívica e á riqueza cultural.	A2 A10 A11	B6 B13 B14 B19
É capaz de avaliar situacións educativas e recoller, ordenar, tratar e analizar a información, tendo en conta os puntos de vista dos participantes, os conceptos teóricos, os datos da investigación, as normas legais e os procedementos institucionais.	A2 A4 A6 A8	B1 B2 B3 B6 B8 B13 B14
É capaz de deseñar, implementar e avaliar proxectos de intervención educativa o ciclo de primaria e planear de forma negociada unha secuencia de accións e seguir e avaliar o seu desenvolvemento.	A4 A10	B2 B8 B9 B12 B21
É capaz de reflexionar sobre o seu comportamento, e ser capaz de modificalo á luz da experiencia e de identificar e someter a revisión os seus propios límites persoais e profesionais.	A9 A10	B15 B16
É capaz de programar o propio traballo asignando prioridades, cumprindo coas obrigacións profesionais e avaliando a eficacia do propio programa de traballo.	A9 A10	B13 B14 B15 B16
É capaz de analizar a propia práctica e identificar os seus límites e carencias profesionais, e asumir a responsabilidade da adquisición continuada de coñecementos e destrezas.	A6 A8 A9	B13 B14
É capaz de utilizar adecuadamente a supervisión e sistematizar a práctica.	A2 A8 A10	B15 B21
É capaz de contribuír á promoción de boas prácticas do mestre participando no desenvolvemento e análise das propostas educativas que se implementan.	A7 A9	B7 B8 B9 B17 B21
É capaz de sintetizar información e liñas de razonamento, e sostener un argumento detallado ao longo do tempo.	A8	B1 B3 B6 B13
É capaz de presentar conclusións verbalmente e por escrito, de forma estruturada e adecuada á audiencia para a que sexan preparadas.		B2 B3
É capaz de elaborar e redactar informes de investigación aplicada á intervención educativa e traballos académicos e profesionais utilizando distintas técnicas, incluídas as derivadas das tecnoloxías da información e a comunicación.	A11	B3 B5

Contidos

Tema	
Contidos relacionados con materias do Grao aplicados á Educación Primaria.	*
Planificación, deseño e desenvolvemento de investigacións e/ou proxectos de intervención educativa.	*
Elaboración, presentación e defensa do informe/memoria do traballo desenvolvido.	*

Planificación

	Horas na aula	Horas fóra da aula	Horas totais
Traballos tutelados	10	115	125
Presentacións/exposicións	1	20	21
Actividades introdutorias	2	2	4

*Os datos que aparecen na táboa de planificación son de carácter orientador, considerando a heteroxeneidade do alumnado.

Metodoloxía docente

	Descrición
Traballos tutelados	Ao alumnado asignaráselle un titor/a para a realización do TFG. A titorización consistirá en supervisar e orientar ao estudante na temática, metodoloxía, elaboración e presentación e calquera outro aspecto académico, así como falcitar a súa xestión, dinamizar e facilitar todo o proceso ata a súa presentación e defensa.
Presentacións/exposicións	Exposición e defensa por parte do alumnado do TFG realizado ante un Tribunal.
Actividades introdutorias	Actividades dirixidas á presentación do TFG, proporcionando orientacións sobre a planificación, deseño e realización do traballo.

Atención personalizada

Metodoloxías	Descrición
Traballos tutelados	Orientación, seguimento e supervisión do TFG, de forma presencial ou a través da plataforma Tema, correo electrónico ou por teléfono.
Presentacións/exposicións	Orientación, seguimento e supervisión do TFG, de forma presencial ou a través da plataforma Tema, correo electrónico ou por teléfono.

Avaliación

	Descrición	Cualificación
Traballos tutelados	Informe do titor/a académico sobre o traballo realizado polo estudante	30
Presentacións/exposicións	Avaliación de presentación escrita e defensa oral ante un tribunal.	70

Outros comentarios sobre a Avaliación

A cualificación será a suma ponderada da cualificación do Tribunal (de 0 a 7 puntos) máis a valoración do titor/a (de 0 a 3 puntos). A valoración do Tribunal será a media aritmética das notas atribuídas por cada un dos seus membros.

Aqueles estudantes que non superen o TFG na avaliación do segundo cuatrimestre poderán presentarse á segunda convocatoria no mes de xullo.

Bibliografía. Fontes de información

Cada estudante fara unha revisión e análise de materiais e documentos sobre o tema elixido para a elaboración do TFG.

Ademáis se recomendan as seguintes lecturas:

APA (2010). *Manual de Publicaciones de la American Psychological Association* (3ª ed. traducida de la 6th en inglés). Méjico: Manual Moderno.

Recomendacións